



Premio ao Mellor Proxecto Universitario con Licenza Libre

Dende a Oficina de Software Libre do CIXUG , estamos a fomentar o uso do Software Libre dentro da comunidade universitaria. Gustaríanos presentarlle o **VIII Premio ao mellor Proxecto Universitario** con licenza libre, organizado pola nosa oficina en colaboración coa AMTEGA a través de [mancomun.org](http://www.mancomun.org).

O **Premio ao Mellor Proxecto Universitario con Licenza Libre** ten como meta o fomento e o achegamento dos universitarios galegos ao software libre, incrementando o coñecemento que estes teñan sobre este tipo de tecnoloxías e en consecuencia abríndolles as portas a novas posibilidades de emprego de calidade relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Este premio, que vai pola súa **VIII edición**, ten a súa orixe **no ano 2007** da man da **empresa galega Igalia**, quen ao detectar unha importante carencia de profesionais cunha alta especialización neste área decidiu poñer o seu gran de area para reducir esa falla poñendo en marcha este premio.

Dende o curso 2011-2012 este premio é convocado e organizado pola Amtega como parte do seu **Plan de Acción en materia de Software Libre**, para o que conta coa colaboración e apoio dos distintos **axentes do ecosistema do software libre galego** dentro da estratexia global e integradora transversal a todas as actuacións de dito Plan de Acción.

Dende o curso 2012-2013 a Oficina de Software Libre do CIXUG colabora na organización do premio dada a súa integración no Sistema Universitario De Galicia e sendo o estudantado universitario os seus destinatarios, o que permite incrementar o achegamento aos estudantes.

Pode optar a este premio calquera **estudante do Sistema Universitario Galego** que teña defendido o seu Proxecto de Fin de Carreira, Tralaballo de Grao ou Tralaballo de Fin de Mestrado Universitario, cunha nota mínima de 5.0, nalgunha das convocatorias do curso académico 2014/2015 que cumpla cos criterios definidos nas **bases do premio**.

Poderán presentarse aqueles proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao, e traballos de fin de mestrado que cumpran as seguintes condicións:

- Que sexa realizado cunha implementación libre de calquera linguaxe de programación.
- Que o software desenvolvido sexa liberado baixo unha licenza libre entre as recoñecidas como tal, pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative.

Contan cun primeiro premio de **1.500 €**, e un accésit de **750 €** -patrocinado pola asociación GPUL-

Ó prazo de presentación de candidaturas remata o **30 de setembro de 2015**.